GRUPO MUNICIPAL
RIBEIRA

**Mª DOMINGA BRION SANMIGUEL**, Concelleira-voceira do grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción para a súa discusión no vindeiro pleno, en relación coa necesidade de habilitar locais para ensaio.

**EXPLICACIÓN DE MOTIVOS**

No noso Concello hai un importante número de grupos musicais que lamentablemente non atopan no Goberno Municipal o respaldo co que deberían contar.

Dende o BNG consideramos fundamental o apoio a nosa cultura en todos os seus ámbitos, e a música é un deles. Polo tanto, un obxectivo básico a acadar é fomentar a nosa producción musical en todos os eidos e estilos.

A dotación de locais para ensaio é unha vella reivindicación dos grupos musicais do noso Concello, que dende o BNG apoiamos e mesmo recollemos no noso programa electoral.

Por todo iso, o Grupo Municipal do BNG, somete á consideración do Pleno a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**Que por parte do Concello se habiliten locais de ensaio para os grupos musicais do noso Concello, co obxecto de apoialos e potencialos.**

Ribeira, 15 de xullo de 2005

Asdo.: Mª Dominga Brión Sanmiguel

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**